



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte.377/1102

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: NOMEAMENTO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomea Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre proceder á reestruturación da organización municipal do Concello de Vigo no que se refire á designación de tenencias da Alcaldía.

De conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica contidas nos arts. 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a designación de Tenencias da Alcaldía é competencia desta Alcaldía-Presidencia que a realizará entre os membros da Xunta de Goberno Local. A composición da Xunta de Goberno Local fíxose por Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

No uso das atribucións mencionadas

RESOLVO

Primeiro.- Deixar sen efecto o apartado Segundo da Resolución desta Alcaldía de data 17 de xuño de 2015, no que se refire ao nomeamento de D. David Regades Fernández como 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo por mor do seu nomeamento mediante RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, como Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo

Segundo.- Nomear 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo a **D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA**, designado membro da Xunta de Goberno Local mediante Resolución desta Alcaldía de data 09-07-2018.

Terceiro.- Os Tenentes de Alcalde substituirán, pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento. Non obstante as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polos Tenentes de Alcalde sen expresa delegación realizada cos requisitos previstos no artigo 44.1 e 2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sen prexuízo das delegacións que tivesen recaído neles en aplicación da Resolución de estrutura das áreas executivas do Goberno.

Cuarto.- En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será en todo caso substituída polos Tenentes de Alcalde seguindo a orde do seu nomeamento, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación e, en particular, aos voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

Quinto.- Notificar esta resolución a D. David Regades Fernández, á Ilma. Sra. Tenente de Alcalde, Dª Mª Carmen Silva Rego e ao Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde, D. Francisco



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/07/2018 13:37

Páxina 1 de 2

Expediente 377/1102

CSV: 2EEB55-B5BDA6-E7BDD6-TV1QAV-A5AW3V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Javier Pardo Espiñeira, facendo constar que os tenentes de alcalde terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcaldesa ou alcalde accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

Sexto.- Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que realice, conforme co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986.

Sétimo.- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Oitavo.- Notificar a presente resolución aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.

CCA

Data e sinatura dixital.

O ALCALDE-PRESIDENTE-ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/07/2018 13:37

Páxina 2 de 2

Expediente 377/1102

CSV: 2EEB55-B5BDA6-E7BDD6-TV1QAV-A5AW3V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>